

PROTOCOLO DE INDICACIÓNS E RECOMENDACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DOS EXAMES DO ALUMNADO CURSANDO CICLOS DA OFERTA MODULAR DISTANCIA

1. O alumnado de todos os módulos de todos os ciclos da oferta modular distancia terá o mesmo prazo para facer a escolla, que será de dúas semanas antes do comezo da realización das probas ou exames. As datas quedarán fixadas de xeito que todo o alumnado teña tempo dabondo para facer a escolla antes de comenzar o primeiro exame.

Nesta 2ª avaliación, o alumnado poderá facer a escolla do 10 ao 25 de febreiro, ambos inclusive, e os exames comezarán o luns 2 de marzo.

2. No caso de que un alumno ou alumna veña facer o exame sen ter feita a escolla previamente, poderá facer o exame ou proba atendendo aos días, horas e condicións que estableza o profesor ou profesora do módulo en cuestión.

3. Non se proporcionará xustificante de asistencia ao exame ou proba ao alumnado que non veña facer o exame, independentemente de ter feita a escolla ou non.

4. As avaliacións quedarán establecidas a principio de curso, especificando as datas dos exames e as aulas. Esta información será publicada na plataforma de distancia, na páxina web do centro, e mais no taboleiro do centro para tal efecto no corredor dos despachos.

5. O profesorado levará unha listaxe de todo o alumnado matriculado no seus módulos e pedirá ao alumnado que se identifique co seu DNI, NIE ou pasaporte.

6. Está terminante prohibido o uso de calquera tipo de material non permitido polo profesorado, incluíndo teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou outro tipo aparello electrónico.

7. O alumnado deberá absterse de realizar condutas contrarias á disciplina académica durante os exames, tales como: copiar mediante calquera procedemento, comunicarse por calquera medio con outro estudante ou persoa que se atope dentro ou fóra do lugar do exame, suplantación de identidade e falsificación de documentos, non cumprir as indicacións do profesorado, alterar o normal desenvolvemento dos exames.

As consecuencias de calquera destas condutas poderá implicar a retirada inmediata do exame por parte do profesorado anotando a incidencia e a expulsión do alumnado do mesmo, facendo constar na acta de avaliación por parte do titor ou titora a devandita incidencia.

8. Cómpre ser puntual aos exames por parte do alumnado. Pasados 15 minutos do comezo, o profesorado poderá negar a entrada ao alumnado á proba se non ten unha causa xustificada.

9. Os titores e titoras dos ciclos formativos da modalidade a distancia incidirán nas indicacións e recomendacións deste protocolo na xornada que establezan cos seus grupos despois da acollida do primeiro día de curso.